

TERMOS E CONDICIÓNIS DE USO

Os presentes Termos e condicións de uso (en diante, os “Termos e condicións”) regulan o acceso e utilización da funcionalidade Vídeu regalo (en diante, a “Funcionalidade Vídeu regalo”).

ZARA ESPAÑA, S.A., compañía española con domicilio social en Avenida da Deputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña) (en diante, “ZARA”), ofrece aos consumidores e usuarios da aplicación móbil ZARA (en diante, a “Aplicación”) nos países indicados a continuación a posibilidade de engadir durante o proceso de compra un vídeu ao regalo como felicitación.

1. Termos e condicións e aceptación

1.1 O acceso e utilización da Funcionalidade Vídeu regalo é responsabilidade exclusiva do consumidor e usuario (en diante, o/os “Usuario/s”) nos termos previstos nos presentes Termos e condicións.

1.2 A utilización da Funcionalidade Vídeu regalo está suxeita aos presentes Termos e condicións. O Usuario deberá ler e aceptar os presentes Termos e condicións antes da utilización da Funcionalidade Vídeu regalo. En caso de que o Usuario non estea de acordo cos Termos e condicións, pregámoslle que non utilice a Funcionalidade Vídeu regalo.

1.3 A utilización da Funcionalidade Vídeu regalo está reservada aos Usuarios que residan nos seguintes países: Albania, Alemaña, Andorra, Austria, Bosnia, Bulgaria, Corea do Sur, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Holanda, Hungría, Irlanda, Italia, Xapón, Kosovo, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Macedonia, Malta, Mónaco, Montenegro, Noruega, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Serbia, Suecia, Suíza e Ucraína.

2. Funcionamento da Funcionalidade Vídeu regalo

2.1 A Funcionalidade Vídeu regalo permite aos Usuarios que realizasen un pedido a través da Aplicación (polo tanto, suxeito ás “Condicións de uso e compra de www.zara.com” que se encontran accesibles na Aplicación e que aceptarían expresamente) engadir un vídeu personalizado como felicitación nun pedido durante o proceso de compra (que se encontra na

mesma sección da Aplicación na que actualmente se pode seleccionar a opción de “Tícket regalo”).

2.2 Os Usuarios só poderán utilizar a Funcionalidade Vídeo regalo no transcurso da realización dun pedido a través da Aplicación.

2.3 Para o acceso e utilización da Funcionalidade Vídeo regalo, débese realizar a previa subscripción ou rexistro como usuario.

2.4 Ao engadir o vídeo, ZARA solicitará ao usuario que efectuou o pedido (o “Comprador”) o número de teléfono da persoa a quen desexa regalar o produto e engadir o vídeo de felicitación como código de activación para poder visualizar o vídeo unicamente polo destinatario do regalo (o “Beneficiario”).

2.5 Na caixa do pedido achegarase un tarxetón que incluírá un código QR que permitirá visualizar o vídeo por parte do Beneficiario.

2.6 No momento en que o Beneficiario escanee o código QR, solicitaránselle os últimos catro (4) díxitos do seu número de teléfono (que polo tanto deberán coincidir co número de teléfono que consignara o Comprador) e, só se ese número é correcto e, polo tanto, establecése unha relación segura, o Beneficiario poderá acceder e visualizar o vídeo.

2.7 Adicionalmente, no momento en que o vídeo sexa visualizado polo Beneficiario, chegará unha mensaxe push ao Comprador avisándoo de que tivo lugar a devandita visualización.

2.8 Se o Comprador quixese eliminar o vídeo previamente engadido, deberá poñerse en contacto co servizo de atención ao cliente de ZARA.

2.9 O vídeo eliminarase aos dous (2) meses de que o engadira o Comprador ou aos dous (2) días de que o Beneficiario o visualizara, o que aconteza en primeiro lugar.

3. Maioría de idade

O acceso e utilización da Funcionalidade Vídeo regalo está reservado a maiores de 18 anos. Mediante a aceptación destes Termos e condicións, o Usuario declara que é maior de 18 anos e se responsabiliza enteiramente desa declaración.

4. Uso correcto da Funcionalidade Vídeo regalo e restricións de uso

4.1. O Usuario comprométese a utilizar a Funcionalidade Vídeo regalo de conformidade coa lexislación, aplicable e vixente, os presentes Termos e condicións, os bos costumes e a orde pública. Do mesmo modo, o Usuario obrígase a non utilizar a Funcionalidade Vídeo regalo con fins ou efectos ilícitos ou contrarios ao contido dos presentes Termos e condicións, lesivos dos intereses ou dereitos de terceiros ou que de calquera forma poida danar, inutilizar, facer inaccesibles ou deteriorar a Funcionalidade Vídeo regalo ou a Aplicación, os seus contidos ou os seus servizos, ou impedir un normal gozo por outros usuarios.

4.2 A Funcionalidade Vídeo regalo permite aos Usuarios a posibilidade de proporcionar vídeos a través da sección correspondente da Aplicación. O Usuario garante que: (i) os contidos que proporcione non mostran a imaxe de ningún terceiro distinto ao Usuario, sen contar co consentimento do/dos terceiro/s en cuestión; (ii) non mostran ou reproducen a imaxe de menores de idade, agás no suposto de que os correspondentes contidos fosen presentados polo pai, nai, titor ou representante legal do menor; (iii) os contidos non infrinxen os dereitos (incluíndo, a título de exemplo, os dereitos de propiedade intelectual, de propiedade industrial, o dereito á propia imaxe ou á intimidade persoal, ou calquera outro dereito) ou intereses de terceiros, nin ningún estándar ou normativa aplicable (internacional, española ou calquera outra); (iv) os contidos non conteñen ningún elemento que poida ser considerado ofensivo ou discriminatorio (xa sexa por motivos de raza, relixión, xénero, orientación sexual, afiliación política ou sindical), ilegal, ameazante, calumnioso, difamatorio, obsceno, pornográfico ou indecente, ou de calquera outro modo inapropiado cara a calquera terceiro, cara a calquera das marcas do Grupo Inditex ou do Grupo Inditex en si mesmo.

4.3 Así mesmo, o Usuario comprométese expresamente a non destruír, alterar, inutilizar ou, de calquera outra forma, danar os datos, programas ou documentos electrónicos que se encontren na Funcionalidade Vídeo regalo ou na Aplicación.

4.4 O Usuario será responsable fronte a ZARA, ou terceiros afectados, en caso de incumprimento das condicións e garantías anteriormente establecidas.

5. Limitación de garantías e responsabilidades

5.1 O Usuario acepta expresamente que o uso que efectúe da Funcionalidade Vídeo regalo será realizado pola súa conta e risco.

5.2 ZARA non se fará responsable, a excepción daqueles extremos aos cales o obrigue a lei, das irregularidades que poidan conter ou poidan causar os contidos creados, publicados, proporcionados ou postos a disposición polos Usuarios; do destino dos contidos que puidesen quedar aloxados nos dispositivos móbiles dos Usuarios, así como dos danos ou prexuízos que se poidan ocasionar pola inserción dos contidos na sección correspondente da Aplicación. ZARA non será responsable polos contidos enviados polos Usuarios cando non teña coñecemento efectivo de que a información almacenada é ilícita ou que lesiona bens ou dereitos dun terceiro susceptibles de indemnización. No momento que ZARA puidese ter coñecemento efectivo que aloxa datos como os anteriormente referidos, comprométese a actuar con dilixencia para retiralos ou facer imposible o acceso a eles.

5.3 O Usuario recoñece e acepta que os vídeos que poidan proporcionarse a través da Funcionalidade Vídeo regalo poderían quedar aloxados nos dispositivos móbiles doutros Usuarios, podendo efectuar estes cos devanditos contidos as accións correspondentes desde o seu terminal. O Usuario recoñece que ZARA é totalmente allea a este proceso e manteraa indemne por calquera reclamación que o Usuario ou calquera terceiro poida presentar a este respecto.

5.4. ZARA comprométese a realizar os seus mellores esforzos para garantir a calidade da Funcionalidade Vídeo regalo e para evitar calquera erro nos contidos e funcionamento da Funcionalidade Vídeo regalo. En calquera caso, ZARA estará exenta de calquera responsabilidade derivada de eventuais erros nos contidos que puidesen aparecer na Funcionalidade Vídeo regalo, así como de calquera anomalía no seu funcionamento que sexa allea á súa vontade.

5.5 ZARA resérvase o dereito a interromper a Funcionalidade Vídeo regalo en función de reparacións técnicas e mantemento de equipos, así como para a mellora da propia Aplicación.

5.6 ZARA resérvase o dereito a bloquear ou expulsar os Usuarios que utilicen de forma incorrecta a Funcionalidade Vídeo Regalo e a bloquear ou a facer inaccesibles os contidos que sexan ilícitos, que lesionen bens, intereses ou dereitos de terceiros ou que de calquera modo sexan contrarios ao disposto nos presentes Termos e Condicións. Incumprir o establecido nestes Termos e condicións ou calquera outra regulación que resulte de aplicación, facultará a

ZARA para implementar calquera medida correctora ou sancionadora que estime oportuno, de conformidade coas disposicións legais ou convencionais aplicables. Bloquear contidos.

5.7 ZARA queda exonerada de toda responsabilidade en caso de mal funcionamento das redes de comunicación electrónicas que impidan o normal desenvolvemento da Funcionalidade Vídeo regalo por causas alleas a ZARA e especialmente por actos externos de mala fe.

5.8 ZARA tampouco será responsable polos problemas de transmisión ou perda de datos non imputables a ZARA.

5.9 En todo caso, quedan garantidos todos os dereitos que as leis en vigor outorguen aos Usuarios.

5.10 ZARA non ten a obriga legal de comprobar, revisar ou moderar o contido que se xere, almacene ou transmita a través da Aplicación e a Funcionalidade Vídeo Regalo. Non obstante, se ZARA tivese coñecemento efectivo de que puidese estar a aloxar contidos ilícitos ou que lesionen bens, intereses ou dereitos de terceiros postos a disposición polos Usuarios, comprométese a actuar con dilixencia para retiralos ou facer imposible o acceso a eles.

Non ten a obriga de supervisar, pero se detectase algo ilícito ou inapropiado faríao inaccesible.

6. Propiedade intelectual e industrial

Os vídeos xerados a través da Aplicación e a Funcionalidade Vídeo regalo almacenaranse en equipos de ZARA ou terceiros coa finalidade de permitir o seu funcionamento. Os devanditos vídeos eliminaranse aos dous (2) meses de gravarse ou aos dous (2) días de telo visto o Beneficiario, segundo o que aconteza antes. Para tales efectos, a persoa que realice o vídeo outorga as licenzas necesarias para a súa reprodución e almacenamento a nivel mundial nos termos e coa extensión aquí previstos.

7. Relación coas “Condicións de uso e compra de www.zara.com”

Rexerán as “Condicións de uso e compra de www.zara.com” en todo aquilo que non fose expresamente regulado polos presentes Termos e condicións e que resulte de aplicación á Funcionalidade Vídeo regalo.

8. Lexislación aplicable e tribunais competentes

Todas as cuestións que se orixinen entre ZARA e o Usuario relativas á interpretación, cumprimento e validez dos Termos e condicións rexeranse polas súas propias cláusulas e, no que nelas non estiver previsto, de acordo coa lexislación española, polo que as partes se someterán expresamente á xurisdición dos xulgados e tribunais do domicilio do usuario."